



## OBRADOIROS DO ALG-A LAB

TITULO	Laboratorio de escoita e experimentación sonora
IMPARTE	Nacho Muñoz ( <i>Madamme Cell</i> )
OBXETIVOS	<p>O obxectivo principal é que os rapaces experimenten dende o seu propio proxecto (persoal ou colectivo) e non dende o proxecto do profesor (práctica ésta desgraciadamente demasiado habitual...) os principais procesos creativos que acontecen no mundo sonoro e, se os medios o permiten, a súa interrelación práctica con outros proxectos semellantes, preferentemente noutros eidos artísticos.</p> <p>Trabállase exclusivamente a partires do material sonoro xenerado, escoitado ou grabado polos propios alumnos.</p>
IDADES	8 a 12 anos
Nº ALUMNOS	10 – 12 máximo
DURACIÓN	12 horas
DATAS	Sábados Abril 2008, d 10.30 a 13.30
REQUISITOS TÉCNICOS	<p>Video-proxector</p> <p>Equipo de son HiFi</p>



Dende o laboratorio alg-a de escoita propoñemos ós nenos ou adultos unha aproximación ou relación co entorno que lles rodea partindo do feito sonoro como ferramenta comunicativa e de autocoñecemento, algo que pensamos cada vez máis necesario ante a habitual dinámica de información ou estímulos no ensino de hoxe en día, baseada case exclusivamente na palabra escrita e na imaxe. Sen nengún tipo de exclusións, comprobamos que este “plantexamento sonoro” axúdalles a desenrolar ou activar certas cualidades, moitas veces marxinadas ou latentes, que afloran abundantemente no contacto co son (por exemplo, escoitar e compartir outras opinións, a capacidade de traballo en grupo, a “resoancia” do seu interior co exterior, o autocontrol, a capacidade de tomar decisións propias, a autoconsciencia da utilidade da linguaxe non verbal, etc, ) e que, neste caso cunha dinámica afastada de normas preestablecidas e inmóviles, poden ampliar notablemente a percepción e comprensión dos universos ónde interactuamos.

Por outra banda, a actual realidade no ensino, particularmente no eido musical-artístico, tanto público coma privado na Galiza e en moitos outros sitios, salvo por suposto algunhas excepcións, consiste básicamente nunha comunicación mestres-alumn@s-pais onde todavía impera case exclusivamente a transmisión-recepción de conceptos por imitación, repetición e “amasamento” de información, provinte dende unha perspectiva totalmente “**exterior**” ós rapaces, algo que sin deixar de ser absolutamente natural e necesario, pode levar (e leva) perigosamente a unha actitude de certa inercia, conformismo e/ou dependencia dos nenos por asimilar modelos de educación xa “prefabricados” e cun alto grado de uniformidade (situación fácilmente extrapolable a moitos outros aspectos da súa futura vida e relación social). A maiores, posiblemente isto repercuta tamén nesa falla de motivación dos nenos (e mestres?) tan debatida últimamente.

Inda que por suposto avanzouse moito neste problema (para nós a aportación máis ampla e visionaria foi a de Murray Schaffer, pola súa flexibilidade e adaptación a cada caso particular), somentes hai que darse

unha volta polas dependencias de Maxisterio Musical na Univ. de Pontevedra (por exemplo) para darse conta ata qué punto a uniformidade e especialización dos contidos que se ensinan ós profesores (léase método Orff, Kodaly, xa non digamos o cada vez máis habitual nas academias método Suzuki...) e que posteriormente serán transmitidos ós nen@s, verifica o que acabamos de dicir.

Creemos que unha solución para aminorar esa falla de motivación pasa inevitablemente e entre moitas outras cousas por equilibrar a transmisión da información e a súa xestión (actualmente cáseque a única preferencia do actual sistema educativo) coa aportación, investigación e experimentación dos rapac@s, estas últimas en craro detrimento e marxinación. É dicir, partir neste caso tamén do propio son de cada nen@ (dende o "**interior**") sen intermediarios, normas, estilos, culturas, en definitiva, prexucios, coa mínima intervención e protagonismo do mestre-músico-artista e deixando o groso das decisións e a responsabilidade ós nenos, así como, importante, dándolles a oportunidade de que se equivoquen!!

Segundo estas ideas, neste espazo creativo que coordina e desenrola dende o ano 2000 Nacho Muñoz trabállase exclusivamente a partir do material sonoro xenerado, escoitado ou grabado polos propios alumnos. Tras unha aproximación ó son dende o silencio, onde o proceso de escoita, cáseque a modo de ritual, mergulla ós nenos nun estado "adoitado" para poder acercarse cómodamente ó son e comenzar a interiorizalo pouco a pouco, escomenzan a xurdir situacións sonoras espontáneas, despoixadas de conceptos, normas ou estilos e onde a **expresión** convírtese no máis esencial. Con este material, posteriormente capturado, segue o proceso de manipulación, tanto analóxica como dixital, ata chegar a ter material suficiente para pouco a pouco organizar estruturas (composicións) máis elaboradas que posteriormente serán compartidas tanto en formato dixital coma en formato concerto-intervención-acción sonora, sendo o profesor durante todo o proceso un mero intermediario e delegando o groso das decisións nos alumnos.

O obxectivo principal é que os rapaces experimenten dende o seu propio proxecto (persoal ou colectivo) e non dende o proxecto do profesor (práctica ésta desgraciadamente demasiado habitual...) os principais procesos creativos que acontecen no mundo sonoro e, se os medios o permiten, a súa interrelación práctica con outros proxectos semellantes, preferentemente noutros eidos artísticos.



obradoiro alg-a de escoita no CGAC.

PROGRAMA	
<b>introducción ao son: escoita</b>	
++ cómo facer música sen instrumentos ++ a qué soa a túa cidade? ++ a qué soas ti? ++ por ónde vai o son? ++ qué sucede se non vemos? ++ para que serve un son? ++ cal foi o primeiro son que escoitaches hoxe? ++ agora escoitas 1 son, agora 2, 3, 4, 5 (difícil...) 6, 7...	
<b>composición colectiva dunha obra sonora</b>	
++ elección do instrumento: (convencional ou non convencional.reciclaaxe sonora) ++ exploración das posibilidades instrumentais: (corto-longo-perto-lonxe-rápido-lento-forte-suave) ++ diferentes combinacións instrumentais: (seccións) ++ creación colectiva dunha estrutura para tocar xuntos. ++ interpretación en público da composición.	
<b>grabación e escoita do resultado</b>	
++ técnicas elementales de grabación dixital: (cómo converter un son nun debuxo) ++ grabación da interpretación ++ pequenas manipulacións dixitais ++ escoita e autocrítica ++ xa temo-lo cd!!	

ORZAMENTO	
<b>Obradoiro</b> (inclúe grabación e edición de 20 cd's + dirección concerto fin obradoiro).	1200 €
<b>Grabación e edición de vídeo en DVD</b> (opcional)	800 € (obradoiro + concerto)
*estes prezos inclúen IVE	